

NOTA DE PRENSA

ASOCIACIÓN VECIÑAL “OS NOSOS LARES” DE PALAVEA.

2 de febreiro de 2021

Ás 11:22 horas do luns 1 de febreiro de 2021 tivemos por primeira vez constancia, vía chamada de teléfono, da vontade de Marea Atlántica de presentar unha moción de carácter integral sobre varias cuestións do barrio de Palavea e Santa Xema, barrios nos que esta asociación veciñal ten socios e sobre os que traballa dende 1978 tal e como reflicten os nosos Estatutos. A moción rexistrouse só unha hora mais tarde, ese mesmo día, sen posibilidade de que esta Asociación veciñal a poidera consultar. Tampouco, polo tanto, tivemos a posibilidade de coñecer a súa redacción nin de coñecer en detalle o seu contido mais alá dunha suma de cuestións mencionadas por teléfono que como podemos comprobar posteriormente non esgotaban a totalidade do que recolle a extensa e detallada moción. Evidentemente, ningunha postura podía ser tomada pola nosa asociación nese momento nin desa forma sen antes poder coñecer en detalle o seu contido, falalo e discutilo no seo da Xunta directiva en virtude do réxime orgánico marcado polos propios Estatutos e a propia Lei de Asociacións.

Hoxe, exactamente un día mais tarde e sendo o pleno xa o xoves 4 de febreiro, Marea Atlántica todavía non nos enviou a moción, compromiso que polo menos se nos comunicara nesa chamada. Por este motivo hoxe mesmo (02/02/2021) trasladamos a Marea Atlántica unha carta queixa na que lamentamos os métodos e o imperfecto contido da súa moción, non comentada nin trasladada a esta asociación.

Tivemos a posibilidade de coñecer o contido da moción ao longo deste luns porque diversos partidos con representación no pleno puxéronse sucesivamente en contacto con nós para coñecer a postura da Asociación sobre cada un dos temas reflectidos. Cabe dicir que moitos manifestaron sorpresa polo noso descoñecemento do contido da mesma moción porque tácitamente estas cuestións de barrio levadas a pleno se entende que son dialogadas, participadas ou polo menos trasladadas previamente con detalle ás asociacións de veciños e entidades sociais de cada zona.

Evidentemente, todo este proceso xa é motivo dunha severa crítica non só pola falta de diálogo senón pola vontade de non telo e de dar a coñecer o contido participando as entidades do tecido social. En ningún momento pola nosa parte negámonos a manter reunións; a última mantida con Marea Atlántica foi en 30 de outubro do 2020 e teñen o noso contacto para plantexar en todo momento o que precisen oportuno. Por todo iso é manifesto que neste caso se non se puxeron en práctica os mecanismos para dialogar foi polo interese manifesto de non facelo.

Xa independemente da non pouca importancia das formas e dos métodos, o contido da moción non é todo o satisfactorio que debería ser unha moción levada a pleno unha vez comentada coa veciñanza e debería ser corrixido. Unha parte das cuestións plantexadas son responsabilidade doutras institucións ou do Estado, aspecto competencial que debería terse en conta, outras non reflicten a realidade, omitense temas destacados que son preocupación veciñal que foron levados a pleno este último ano e que foron aceptados unánimemente por todos os partidos como foi a moción plantexada polo BNG acerca da conflictividade xerada en torno ao control mafioso por parte dalgúns ocupas das vivendas Epamar. Hai que manifestar ademais que este tema foi un dos varios temas falados con Marea na citada reunión do 30 de outubro e que non se reflicte na moción.

Incluso hai contradicións entre varios puntos co propio traballo desenvolvido durante o propio mandato de Marea Atlántica. Invocar que non é seguro facer o tránsito peonil por unha beirarrúa dende Palavea ata a farmacia de Santa Xema é unha afirmación falsa. Precisamente, un tramo de beirarrúa fíxose e outro renovouse durante o seu mandato de goberno. Tamén queremos entender que é consecuencia dunha falta de diálogo o que impide coñecer que algunhas das cuestións plantexadas están sendo abordadas, por esta e outras asociacións, en relación ao equipamento existido e demandado para a cidade das TIC como Plataforma veciñal Fábrica de Armas (cuestións manifestadas, feitas públicas e de sobra coñecidas por todos os axentes mencionados) e que supón demandar migallas cando veciñalmente se está traballando paralelamente para conseguir moito mais. Outras cuestións directamente son contrarias a solicitudes, presentadas por rexistro, por esta asociación dando traslado ao interese veciñal sobre espazos concretos.

Ninguén dubida das carencias existentes e somos os primeiros coñecedores delas porque é de sobra coñecida e manifestada públicamente a actividade de anos desta asociación pola loita por diversas cuestións do barrio, polo tanto podemos chegar a concordar con algunhas das cuestións plantexadas e co seu espírito, sendo precisamente algunhas delas (por exemplo a limpeza de ambos lados da avenida Lavedra) abordadas e incluso resoltas neste último ano pola acción desta propia asociación veciñal. A inclusión destas cuestións e a omisión de diálogo coa asociación que traballou por elo non deixa de sorprender.

Denunciamos, tal como indicamos na nosa carta queixa, que isto non parece ser só unha mera cuestión formal, senón un intento de evitar o diálogo coa propia asociación e de actuar de costas a veciñanza ou de actuar de parte. Actuar inicialmente de tal xeito xa produxo puntuais problemas cos veciños en relación ás obras realizadas nun tramo de beirarrúa en Palavea Vella durante o seu mandato. Tivo que ser un cambio de actitude, a intervención de esta asociación e o diálogo con todas as partes o que desbloqueou a situación para que a obra finalmente se realizase; cuestión que é coñecida polos partidos e traballadores municipais e do que hai constancia documental.

Asemade, condenamos esta postura e actitude, así como os seus efectos na erosión do movemento veciñal ou no seu interese de trampealo polo que daremos conta a Federación de Asociacións de Veciños da Coruña (F.A.V.A.) desta cuestión que se está a sofrer cando se está traballando de forma exemplar como unha asociación libre de intereses partidistas e libre de dirixismo político.

Xunta directiva da asociación de veciños “Os nosos lares”

Asociación de veciños “Os nosos lares” de Palavea.
Mercado municipal, s/n, 15009 Palavea A Coruña
C.I.F. G-15040918
Correo electrónico: osnososlarespalavea@gmail.com

